

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020911	CPI Plurilingüe de Vedra	Vedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Esta programación didáctica elabórase ao abeiro do seguinte marco legislativo:

- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigos 15 e 19 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99).
- ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24.

O contexto no que se insire o proceso de ensino-aprendizaxe é o do CPI de Vedra, un centro escolar que imparte ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Ao CPI de Vedra acoden maioritariamente rapaces e rapazas procedentes do concello homónimo, así como da parroquia de Lestedo do veciño concello de Boqueixón. Trátase, por tanto, de alumnado rural, aínda que próximo ao núcleo urbano de Santiago de Compostela. O nivel sociocultural de procedencia das e dos estudantes é cada ano máis variado, se ben nos últimos anos destacáronse dificultades económicas nalgúns familias, que derivan en dificultades de acceso a medios de difusión cultural e educativa.

Desde a perspectiva da nosa área de Lingua e Literatura Castelá, temos que destacar a predominancia do galego nos usos lingüísticos do alumnado, polo que a aprendizaxe da Lingua Castelá debe ser entendida como a dun idioma de contacto, segunda lingua dun grupo amplo do alumnado de ESO.

No tocante aos grupos de 2º ESO, este ano existen dous grupos conformados por 15 en 4º A e 14 en 4º B. Ambos grupos, grazas á implantación do programa E-Dixgal, están dotados de equipos informáticos individuais e permitirán o desenvolvemento das sesións nun entorno virtual de aprendizaxe (no noso caso empregaremos o que ofrece GSuite). Dado que hai unha porcentaxe significativa de alumnado con problemas de conexión a internet na súa casa, a meirande parte das tarefas serán realizadas durante o tempo das sesións en aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A lingua e os seus falantes	As linguas oficiais de España e os seus dialectos, prexuízos e estereotipos, usos discriminatorios e manipuladores da linguaxe.	10	10	X	X	X
2	Comunicación: comprensión oral e escrita	Comprender a estrutura, a información explícita e implícita de textos orais e escritos, identificando o contexto e valorando a adecuación.	25	30	X	X	X
3	Comunicación: expresión oral e escrita	Elaboración de textos orais e escritos con coherencia, cohesión e adecuación aos distintos contextos.	25	25	X	X	X
4	Educación literaria	Comprensión, valoración e coñecemento dos principais textos e correntes literarias dos séculos XIX e XX. Lectura guiada e lectura autónoma.	30	30	X	X	X
5	Reflexión sobre a lingua	Funcionamento do sistema lingüístico, aspectos morfolóxicos e sintácticos e implicacións semánticas.	10	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A lingua e os seus falantes	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, recoñecendo algúns trazos dialectais e sociolingüísticos.	PE	85
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística na contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre as linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística na contorna escolar e social.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio. - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e aos rexistros. - Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. - Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e da súa expresión nas leis e declaracións institucionais.

UD	Título da UD	Duración
2	Comunicación: comprensión oral e escrita	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos.	PE	80
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando inferencias básicas e con diferentes propósitos de lectura.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar algúns usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	TI	20
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade, avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca e coa comunicación da información.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca e coa comunicación da información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración da forma e do contido do texto - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo. - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
3	Comunicación: expresión oral e escrita	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e de instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, presentando un texto final coherente, cohesionado e adecuado.	PE	50
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica suficiente e corrección ortográfica e gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Organizar e integrar a información en esquemas propios e reelabora e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico con respecto aos principios de propiedade intelectual.	Organizar e integrar a información en esquemas propios e reelabora e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico con respecto aos principios de propiedade intelectual.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística.		
CA3.1 - Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mostrando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado.	TI	50
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de secuencias textuais, con especial atención ás argumentativas. - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definición - Alfabetización mediática e informacional: Reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas vi - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo. - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
4	Educación literaria	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias básicas e con diferentes propósitos de lectura.	PE	75
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica suficiente e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar e argumentar os elementos básicos da interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.		
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas, a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
5	Reflexión sobre a lingua	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica suficiente e corrección ortográfica e gramatical.	PE	100
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sinxelas sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Baseándonos nas teorías de aprendizaxe constructivista de Piaget, que expoñen que os novos conceptos cos cales toma contacto un educando se integran nun mapa conceptual previo articulado por unha complexa rede de relacións significativas, defenderemos unha metodoloxía activa-participativa de aprendizaxe por descubrimento que permita aos propios alumnos ser axentes directos do proceso de ensino-aprendizaxe e non, simplemente, meros receptores de contidos. Este carácter consciente da información que se está integrando favorecerá a consecución dunha aprendizaxe significativa e, en consecuencia, valorada nun sentido práctico polos alumnos.

A teoría constructivista baséase no concepto de *¿constructos mentais?*, no sentido de que a nova información aprendida non se engade á anterior senón que se integra nela, reorganizando a complexa rede de relacións establecidas nos mapas conceptuais básicos iniciais. Esta reestruturación supón a revisión e cuestionamiento das propias ideas previas e a posibilidade de encher baleiros e lagoas conceptuais e tamén de desbotar información errónea ata ese intre non cuestionada.

A actuación pedagóxica, en consecuencia, partirá dos coñecementos previos do alumnado para lograr desenvolver nel a suficiente capacidade crítica como para recoñecer os seus déficits informativos e asimilar, desta maneira, a información nova. Esta é unha das bases da técnica da aprendizaxe por medio do descubrimento guiado, consistente en que o profesor se converta nun informador que mova aos alumnos á reflexión sobre os seus propios conceptos relativos a un tema determinado para incidir, desta forma, sobre as necesidades que xurdan ao longo do proceso. Este procedemento esixe unha constante participación activa do educando e tamén unha constante revisión do proceso de ensinanza-aprendizaxe por parte do profesor, observando en que medida se integra correctamente a nova información proporcionada. En todo momento se lle formularán ao alumnado dúbidas, problemas e situacións que esixan para a correcta resolución a necesidade de integración da nova información aos seus esquemas conceptuais, deste xeito, lograrase fixar os novos conceptos por medio da pertinencia derivada do recoñecemento da utilidade e eficacia dos mesmos.

Dado o nivel das capacidades cognitivas dos alumnos, empregárase tamén o método hipotético-deductivo, baseado na exposición de contidos e na posterior aplicación dos mesmos mediante series de actividades.

Por outra parte pódese incidir na consecución da valoración por parte do alumnado da relevancia do coñecemento da lingua e a literatura e da súa función comunicativa e estética, instrumental para a adquisición e difusión de información, coñecementos e a capacidade discursiva, dialogal e divulgativa das propias opinións e conclusións.

Por todo isto, consideramos especialmente útil a posta en funcionamento de actividades prácticas motivadoras moi específicas como as que lles propoñeremos aos alumnos ao longo do curso, orientadas fundamentalmente a que se fagan máis conscientes da importancia dos coñecementos e o desenvolvemento das competencias lingüísticas, así como tamén da valoración de todo tipo de manifestacións artísticas, entre elas a literatura, como obxecto inmediato de traballo dentro da nosa disciplina. Por medio desta estratexia preténdese fomentar a motivación cara a adquisición dos contidos que compoñen o desenvolvemento global da Programación do curso.

Para lograr estes fins, utilizaranse materiais diversos, tanto teóricos como prácticos, elaborados polo equipo docente, presentes na rede ou impresos. Tentarase recurrir a ludificación ou gamificación para potenciar a motivación na aprendizaxe, a través de técnicas,

elementos e dinámicas propias dos xogos e o ocio en actividades non recreativas que deriven no cumprimento de estándares de aprendizaxe propios desta programación.

Por último, tal e como se informa no seguinte apartado desta programación, o profesorado deste departamento leva varios anos apostando polo emprego dos entornos virtuais de aprendizaxe. Esta aposta véese, naturalmente, reforzada ao abeiro do acontecido no curso pasado e ante as circunstancias especiais que afectan á escolarización na nova normalidade. Ante un posible período que requira do uso da teledocencia, no tocante a metodoloxía, recursos e materiais didácticos, ao traballarmos en aulas virtuais durante o ensino presencial, non contemplamos ningunha

medida extraordinaria como a un escenario que requira da continuación do ensino-aprendizaxe a distancia. Porén, dada a experiencia vivida o curso pasado, sabemos da necesidade dunha atención máis personalizada na resolución de dúbidas individuais do alumnado. Para iso, botaremos man de todos os mecanismos que este entornos virtuais presentan (chat, foro de dúbidas) ademais de outros mecanismos que xa implementamos no día a día no centro (abalar móbil, correo electrónico).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador con conexión a internet para cada estudante (E-Dixgal)
Caderno e materiais de escritura (uso complementario)
Obras literarias (para a lectura e comentario, dispoñibles na biblioteca escolar)
Aula Virtual Google Classroom
Ordenador de profesor, pantalla táctil e proxector
Encerado
Conexión WI-FI das aulas
Apuntamentos e outros materiais de apoio para o alumnado (en soporte dixital e impreso)

Ademais, contase tamén con abundante material de reforzo e ampliación: manuais de lectura, ortografía, léxico, gramática, comprensión lectora, comentario de textos. Os manuais poderán ser un método auxiliar máis para a preparación das diversas Unidades Didácticas. Ao longo do curso intercalarase tamén outros materiais auxiliares diversos, como artigos xornalísticos, fragmentos de obras, poemas, relatos, anuncios publicitarios, fotografías, etc.. Ademais destes recursos educativos, farase uso de todo o equipamento informático físico que dota a Consellería de Educación: Ordenador do profesor e para o alumnado con conexión WI-FI, pantalla táctil e proxector. Para o desenvolvemento do día a día na aula empregárase o entorno virtual de aprendizaxe de G-Suite para a entrega de materiais e a realización de tarefas.

Destinaranse os soportes analóxicos (fotocopias, folios e cadernos) para aquelas tarefas que non se poidan desenvolver en soporte dixital (realización de anotacións, esquemas, apuntamentos) ou para o alumnado que teña dificultade para desenvolverse con fluidez con diferentes lapelas abertas a un tempo (TDAH, alumnado con dislexia).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao longo do primeiro mes do curso (setembro) por medio da realización de diferentes tarefas que versarán sobre contidos visto en cursos precedentes e da observación diaria na aula. Porase o foco nos aspectos relacionados coas competencias comunicativas (ler, escribir, falar, escoitar).

O obxectivo das mesmas será o de detectar dificultades no ensino-aprendizaxe do alumnado en diversas dinámicas de aula e servirán ao alumnado para identificar aqueles aspectos onde posúe grandes posibilidades de éxito, así como aqueles puntos onde precise reforzar ou reenforzar os seus procedementos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	25	25	30	10	100
Proba escrita	85	80	50	75	100	74
Táboa de indicadores	15	20	50	25	0	26

Criterios de cualificación:

O peso de cada unidade queda reflectido no apartado 3 desta programación. Para establecer a cualificación de cada unidade didáctica terase en conta os resultados obtidos nas diferentes actividades e traballos que se realizarán ao longo do curso, así como as valoracións que se realicen de situacións de aula das que non se poden obter evidencias escritas (interaccións orais, prácticas comunicativas baseadas nos principios de convivencia democrática), para as cales se recurrirá ao emprego de rúbricas de avaliación.

Non haberá probas escritas no sentido de exames. A cualificación obterase exclusivamente por medio da valoración de cada unha das tarefas que se desenvolvan no curso e que estarán publicadas no entorno virtual de aprendizaxe. Alí a persoa alumna poderá non só ver a puntuación senón que obterá un feedback do seu traballo (sexa por medio da comparación cun modelo de corrección de cada tarefa, por medio de comentarios enfocando puntos febles e fortes, por medio de rúbrica da avaliación) que lle permita enfocar o seu proceso de mellora. Dado que os mecanismos de cualificación se fundamentan no traballo diario, establécese un sistema de cualificación acumulativa. Dese xeito cada trimestre ofrecerá unha baremación acorde a todo o proceso de ensino aprendizaxe de (dende o primeiro día ata o último do curso).

Para obter a cualificación positiva ao final do curso, o alumnado deberá acadar no cualificador da aula de classroom unha nota final igual ou superior a 4,5. Este cualificador estará configurado para que con cada tarefa realizada e cualificada se actualice automaticamente. Xa que logo, as notas obtidas no primeiro e segundo trimestre só posúen un valor informativo no que se indica ao alumnado e á familia como está sendo o progreso dende o inicio de curso. En ningún caso se realizarán media aritmética

Criterios de recuperación:

Non haberá probas escritas de recuperación, dado o sistema de cualificación acumulativo antes descrito. Porén, no caso de que, nos primeiros días de xuño, haxa alumnado sen visos de superar a materia, proporánselle unha serie de tarefas que permitan ao discente evidenciar mellorías naqueles obxectivos onde teñan demostrado unha competencia insuficiente tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nesta programación didáctica.

6. Medidas de atención á diversidade

MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON DIFICULTADES NA APRENDIZAXE E/OU REPETIDOR

O alumnado que presente un baixo grao de desenvolvemento da competencia lingüística en castelán recibirá un reforzo educativo, que consistirá en:

- Facilitar semanalmente ó alumnado actividades de repaso e reforzo da materia (a través de fotocopias do material didáctico oportuno ou de fichas de elaboración propia), que incidan especialmente nos contidos mínimos esixibles.
- Corrixir semanalmente esas actividades e devolvérllelas ós alumnos cos comentarios oportunos para que detecten os seus erros e sexan máis conscientes do seu proceso de aprendizaxe (finalmente o profesor quedará en posesión dese traballo).
- Se é posible polo horario dos docentes, o profesor procurará estar dispoñible durante un recreo á semana para ofrecerlles ós alumnos a posibilidade de plantexarlle dúbidas, preguntas, ou recabar a súa axuda na realización das tarefas da materia. O profesor indicará a aula e o horario no que estará dispoñible.

Entre os obxectivos que se persiguen con ese reforzo figuran:

- Obxectivo 1: Comprender discursos orais e escritos.
 - DIFICULTADES
 - Deficiente lectura mecánica
 - Deficiente lectura comprensiva
 - Deficiente lectura expresiva
 - Mala pronunciación
 - Falta de vocabulario
 - ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
 - Ler en voz alta, con entonación e ritmo adecuados, textos de extensión reducida.
 - Ler textos breves en silencio primeiro e logo en voz alta, para expresar a continuación a idea principal.
 - Realizar actividades de comprensión previas á lectura e durante a mesma.
 - Ler en voz alta textos poéticos e teatrais, co ritmo, velocidade e entoación que mellor se axusten ó contido.
 - Ler en voz alta textos alleos (poéticos especialmente) e propios.
 - Realizar breves exposicións orais sobre calquera tema.
 - Facer exercicios de léxico e semántica, especialmente definicións.
 - Realizar as actividades académicas coa axuda sempre dun dicionario.
- Obxectivo 2: Utilizar a lingua (oral e escrita) para expresarse de forma coherente e adecuada.
 - DIFICULTADES
 - Escaso dominio da ortografía.
 - Desorde do discurso.
 - Incapacidade para adecuar o rexistro lingüístico á situación comunicativa.
 - Dificultade para expresar pensamentos e sentimentos.
 - Falta de adestramento no uso da linguaxe corporal.
 - Uso desmedido de muletillas.
 - ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
 - Realizar actividades específicas sobre acentuación, puntuación ou erros ortográficos.
 - Levar un rexistro persoal de erros ortográficos.
 - Facer exercicios específicos de lectura, escritura e ditado para a fixación visual das palabras que máis soen causar os seus erros.
 - Realizar breves exposicións orais e escritas con esquemas previos.
 - Corrixir, por inadecuadas, as expresións vulgares e de xergas.
 - Reprimir todo tipo de insultos, tacos e frases malsoantes.
 - Contar oralmente ou por escrito historietas gráficas mudas.
 - Continuar os textos lidos, intentando imitar o seu estilo.
 - Explicar oralmente os textos literarios lidos e os recursos que conteñen.
 - Propoñer redaccións sobre aspectos cotiáns da súa vida e de carácter introspectivo e persoal.
 - Propoñer actividades con linguaxes non verbais: xestual, mímico e plástico.
 - Esixir actitudes e posturas correctas na aula.
 - Corrixir o inicio e o desenrolo das conversacións e exposicións orais, para evitar o abuso das muletillas e os silencios que cortan a fluidez do discurso.
 - Traballar os nexos textuais.
 - Obxectivo 3: Utilizar a lingua para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
 - DIFICULTADES
 - Escaso manexo das fontes de información.
 - Pouco dominio de técnicas de traballo intelectual.
 - Descoñecemento do manexo de dicionarios e enciclopedias.
 - Descoñecemento da utilización de Internet.
 - ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
 - Elaborar traballos sinxelos de investigación, para que vaian afacéndose á correcta utilización das fontes de información.
 - Utilizar continuamente as técnicas esenciais de aprendizaxe: subliñado, esquemas, cadros, resumos, títulos, etc.
 - Localizar e manexar diversos tipos de dicionarios e enciclopedias na biblioteca do centro e en internet.
 - Realizar actividades e xogos con dicionarios e enciclopedias.
 - Aprender a usar os ordenadores e a navegar por internet.
 - Obxectivo 4: Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso.

- DIFICULTADES
 - Ignorancia da terminoloxía lingüística esencial.
 - Rexeitamento da materia de lingua, cando se reduce a pura gramática.
- ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
 - Ir proporcionándolles un vocabulario dos termos lingüísticos esenciais, definidos con claridade e precisión.
 - Aprendizaxe memorístico dos conceptos gramaticais.
 - Empregar un método inductivo, partindo de realidades lingüísticas concretas, para chegar, por abstracción, ós conceptos.
 - Equilibrar o tempo adicado ó uso da lingua, á gramática, á literatura e á lectura.
 - Perseguir o obxectivo de coñecer os mecanismos da lingua para mellorar o seu uso.
- Obxectivo 5: Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
 - DIFICULTADES
 - Escaso uso da lectura con finalidade lúdica.
 - Rexeitamento das grandes obras da literatura.
 - ACTIVIDADES PARA SUPERALAS
 - Dispór na aula ou na biblioteca do centro de libros atractivos adecuados á idade e intereses dos alumnos.
 - Explicar ós compañeiros os libros que máis lles gustaron.
 - Seleccionar fragmentos de textos apropiados á súa idade, capacidades e intereses.
 - Fomentar a asistencia a representacións teatrais e recitais.
 - Poñer á súa disposición coleccións e versións adecuadas á súa idade.

MEDIDAS PARA O ALUMNADO CON SOBREDOTACIÓN INTELECTUAL

- Ofrecer actividades de ampliación dos contidos do currículo.
- Facilitar o acceso a recursos e materiais adicionais (mesmo doutras materias do seu interese), que deben ser planificados especificamente.
 - Posibilitar que os alumnos asistan temporalmente a clases de Lingua Castelá e Literatura en cursos superiores, se xa dominan os contidos que se están a impartir na aula para o gran grupo.
 - Fomentar a súa participación activa no proceso de ensinanza-aprendizaxe e ter a oportunidade de poñer en práctica as súas habilidades.
 - Valorar as súas ideas creativas e orixinais.

MEDIDAS DE ATENCIÓN PARA O ALUMNADO CON TDAH

- Aplicarase o protocolo marco fixado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia (Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario), consensuando co Departamento de Orientación as adaptacións necesarias atendendo a singularidade de cada caso.

MEDIDAS DE ATENCIÓN PARA O ALUMNADO CON TEA

- Aplicarase o protocolo marco fixado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia (Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista), consensuando co Departamento de Orientación as adaptacións necesarias atendendo a singularidade de cada caso.

MEDIDAS DE ATENCIÓN PARA O ALUMNADO CON DISLEXIA E OUTRAS DIFICULTADES DA LINGUAXE

- Aplicarase o protocolo marco fixado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia (Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da linguaxe), consensuando co Departamento de Orientación as adaptacións necesarias atendendo a singularidade de cada caso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.4 - ET.4 - Tecnoloxías da Información e a Comunicación	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Emprendemento	X		X	X	
ET.6 - ET.6 - Educación cívica e constitucional	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais que teñen o cerne na competencia comunicativa son o eixe principal dos obxectivos da materia e, xa que logo, aparecen continuamente tratadas nas nosas sesións e case que en todas as tarefas que se desenvolven trabállase, polo menos, un elemento transversal. Do mesmo xeito, ao ser esta unha materia que busca formar cidadás e cidadáns comunicativamente eficaces e actualizados coa nova realidade tecnolóxica o espazo das TICS e da ALFIN aparecen recorrentemente presentes nas actividades planificadas.

Por último, buscamos a formación de individuos comprometidos cos valores cívicos, sociais e democráticos, implementados sobre o principio de non discriminación. Por iso, a educación cívica e constitucional verase reflectida no día a día da aula: xa sexa nos comportamentos entre iguais como na reflexión sobre textos (orais e escritos) que traten asuntos relacionados coa igualdade efectiva e real de dereitos de toda a cidadanía.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non hai	Ningunha	X	X	X

Observacións:

Non hai actividades complementarias previstas a inicio de curso

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Aprobaron máis da metade dos alumnos do grupo?
Metodoloxía empregada
Cómpre realizar algún cambio na metodoloxía utilizada nas clases de Lingua Castelá e Literatura para espertar un maior interese dos alumnos pola materia?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Houbo un bo ambiente de traballo e respecto, así como do uso dos recursos?

Medidas de atención á diversidade
Puxéronse en marcha medidas de reforzo educativo cos alumnos con baixo rendemento académico na materia de Lingua castelá e Literatura?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Hai colaboración cos outros departamentos de linguas (Lingua galega e Literatura, Inglés e Francés) para intercambiar información académica sobre os alumnos e consensuar unha terminoloxía lingüística común?

Descrición:

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente utilizaremos os anteriores indicadores de logro: (Respostas a escoller: si / non; sempre / con frecuencia / ás veces / rara vez / nunca). Algúns indicadores de logro poden ir verificándose en cada trimestre; outros, polo súa banda, verifícanse ao remate do curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Por parte dos docentes, realizarase unha revisión e seguimento desta programación para detectar posibles desviacións e realizar as pertinentes correccións para chegar aos obxectivos planificados. Estas revisións realizaranse nas reunións de departamento da última semana de cada mes. Ditas revisións serán recollidas no libro de actas do departamento e tamén na memoria de final de curso. As avaliacións diagnósticas serán tamén un bo instrumento de avaliación, do mesmo xeito que a cualificación por parte do alumnado e dos membros da comunidade escolar. A memoria do anterior curso escolar é tamén unha fonte de revisión e avaliación da programación. En cada reunión mensual, cada docente membro do Departamento deixará constancia do cumprimento e a valoración da programación establecida, e sinalará e xustificará os cambios introducidos.

POR PARTE DOS DOCENTES

Realizarase unha revisión e seguimento desta programación para detectar posibles desviacións e realizar as pertinentes correccións para chegar aos obxectivos planificados. Estas revisións realizaranse nas reunións de departamento mensuais. Ditas revisións serán recollidas no libro de actas do departamento e tamén na memoria de final de curso.

As avaliacións diagnósticas serán tamén un bo instrumento de avaliación, do mesmo xeito que a cualificación por parte do alumnado e dos membros da comunidade escolar.

A memoria do anterior curso escolar é tamén unha fonte de revisión e avaliación da programación.

En cada reunión mensual, cada docente membro do Departamento deixará constancia do cumprimento e a valoración da programación establecida, e sinalará e xustificará os cambios introducidos.

POR PARTE DOS ALUMNOS/AS

Os alumnos tamén poden valorar o proceso de ensino-aprendizaxe a través de indicadores como os seguintes, que quedarán reflectidos nunha enquisa:

Como traballamos en clase de...?

(Resposta a escoller: Moi pouco / Pouco / Algo / Bastante / Moito)

- Entendo ao profesor cando explica?
- As explicacións parécenme interesantes?
- As explicacións parécenme amenas?
- O profesor trata de conectar os contidos que vemos na aula coa realidade actual ou coas nosas experiencias persoais?
- O profesor usa outros recursos ademais dos libro de apuntamentos?
- Sinto que podo preguntar o que non entendo?
- Realizamos tarefas en grupo?
- Utilizamos as novas tecnoloxías na aula?
- Como son as actividades?
- As preguntas correspóndense coas explicacións?
- As actividades están claras na súa formulación?
- O profesor amosa ao alumnado un modelo de corrección das tarefas?
- As actividades, en xeral, son interesantes e participativas?
- O profesor manda demasiadas actividades?
- Como é a avaliación?
- As preguntas das tarefas están claras?

- O que me preguntan foi explicado en clase?
- Teño tempo suficiente para contestar as preguntas?
- As correccións das tarefas serven para comprobar o que aprendín?
- As probas escritas, despois de corrixiadas, revísanse e compróbanse logo na clase?
- Creo que, en xeral, a valoración do meu traballo é xusta?

9. Outros apartados